# Repaso da unidade 11 lingua A todo tren

1 .-Completa:

• Os …………………... son palabras que unha lingua toma doutra.

• Os verbos da ………………... conxugación conxúganse como andar ou …………….; os da 2.ª conxugación, como ……………... ou ………………..;

e os da…………………, como ....................... . ou ……………………

• Escríbense con b todos os verbos rematados en …………..., excepto vir, ……...

e ………………... (e os seus derivados).

• Nunha obra de teatro, o ……………………… serve para que os espectadores saiban onde sucede a acción e tamén para ambientar as escenas nun ……………………………... determinado.

2 Relaciona cada imaxe cun tipo de tren:










tranvía

metropolitano

de vapor

3 Escribe un sinónimo galego de :

convoi [ ] ticket [ ] raíl [ ]

4 Completa estas oracións con verbos rematados en **-bir** ou en **-vir**:

– Ningunha lei ……………….. levar animais no tren.

– Eva ………………. nunha casa preto da estación.

– O meu irmán xa se ………………………... na Universidade.

– Por fin vas ………………. connosco a Santiago?

– Antón …………………... o premio á puntualidade.

# Repaso da unidade 11 lingua A todo tren

**5** Le este texto e responde as preguntas:

O pequeno robot gardaba na súa memoria electrónica as imaxes que tantas veces vira pola televisión e nas que aparecían estacións de ferrocarril ateigadas de xente que carrexaba grandes maletas e que se movía polo medio dun espantoso rebumbio de altofalantes, berros e despedidas... E aquela soidade e aquel silencio fixérono dubidar de se estaría en calquera sitio distinto á estación que buscaba. Pero non, el pasara por diante das ventaíñas, aínda pechadas, onde se vendían os billetes, fixárase no gran panel que había na parede e vira tamén as brillantes vías metálicas que se perdían ao lonxe. Aquilo era, de seguro, a estación do tren, aínda que estivese baleira. Debía ser cedo.

Paco Martín: Un robot pequeno, Edicións Xerais, col. Merlín (adaptación).

- Onde está o pequeno robot?
- Que lle fixo dubidar acerca do lugar onde se atopaba?
- Por que non había xente?

**6** Completa os verbos coma no exemplo:

Compraches 2ª persoa singular pretérito, verbo comprar 1ª conxugación.

Nadaban

vivirei

dan

queríamos

come

partiredes

**7** Imaxina que atopan un robot agardando polo tren na estación da túa vila. Escribe un titular para a noticia. Conta brevemente que pasaría



Escribe un pé de foto